



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE SA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO E O
CONCELLO DE XINZO DE LIMIA PARA A XESTIÓN DO ALBERGUE DE PEREGRINOS DE
XINZO DE LIMIA**

Santiago de Compostela, a 24 de agosto de 2017

REUNIDOS

Dunha parte:

D. Rafael Sánchez Bargiela

E doutra parte:

INTERVEÑEN

O primeiro, no nome e representación, en calidade de Director -Xerente da SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO, con C.I.F. A- 15348386, e domicilio na Estrada Santiago-Noia Km 3 A Barcia 15897 Santiago de Compostela, A Coruña.

O segundo, con DNI _____ no nome e representación, en calidade de Alcalde-Presidente, do Concello de Xinzo de Limia con CIF – P 3203300C, con enderezo en Rúa Curros Enríquez 15

Ambas as dúas partes, segundo interveñen, recoñécense personalidade xurídica e capacidade necesaria para o presente outorgamento de convenio de colaboración e

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que a SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO ten recibido á concesión do inmovible sito na rúa Serra de Queixa destinado a albergue de peregrinos.

SEGUNDO: O Camiño de Santiago, declarado Patrimonio Mundial e/ou Itinerario Cultural Europeo, está a experimentar nos últimos anos un importante desenvolvemento que atrae cada ano a un elevado número de peregrinos. Xunto á súa relevancia como itinerario espiritual e cultural unido aos valores patrimoniais e paisaxísticos asociados ao mesmo, o Camiño de Santiago contribúe notablemente ao desenvolvemento económico e social dos municipios por onde discorre e constitúe un elemento identificador de Galicia no exterior. Un dos principais valores que identifica á peregrinación xacobeá é a hospitalidade aos peregrinos. E así o recolle o Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago, 2015-2021, aprobado pola Xunta de Galicia. Para desenvolver esta acollida e hospitalidade a Xunta de Galicia posúe unha rede pública



de albergues de peregrinos, á que pertence este albergue de peregrinos de Xinzo de Limia. A titularidade desta rede a ostenta a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo segundo o artigo 2 dos seus estatutos

1.- Constitúe o obxecto da Sociedade a realización de actividades dirixidas a xestión dos servizos comúns da rede de albergues da Comunidade Autónoma de Galicia e do resto do seu patrimonio social, así como a coordinación de actuacións específicas relacionadas co Camiño de Santiago e a cultura xacobeá.

2.- En concreto, constitúe o obxecto da Sociedade a realización das seguintes actividades:

A xestión dos ingresos e gastos derivados do funcionamento da rede pública de albergues e do resto de edificios da entidade

TERCEIRO: Que é de interese para o Concello e para a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo colaborar para que o albergue reseñado cumpra a súa función de interese social da forma máis óptima posible.

Por todo o dito, ambas as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto deste convenio regular a xestión do albergue de peregrinos de Xinzo de Limia sito en Serra de Queixa, sendo concesionaria demanial a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo en virtude deste acordo será xestionado por esta Sociedade Anónima.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1.- O **Concello** terá ao seu cargo todos os gastos dos subministros necesarios para o funcionamento do albergue (auga, luz, combustible, etc.) así como de todos os gastos extraordinarios que xere o mesmo, como poden ser aqueles derivados de mellora das instalacións, reparacións estruturais, etc, en definitiva aqueles que se entendan fóra do mantemento común do edificio e instalacións.

2.- A **S.A. de Xestión do Plan Xacobeo**, en calidade de concesionaria do albergue farase cargo da limpeza, atención ao público, cobro da estadía dos peregrinos así como do mantemento xeral do edificio e instalacións.

TERCEIRA.- PREZOS POLA ESTANCIA NOS ALBERGUES DE PEREGRINOS

Para a financiamento dos gastos derivados do funcionamento do albergue a Sociedade



Anónima de Xestión do Plan Xacobeo establece un prezo para a utilización dos albergues en toda a Rede da súa titularidade.

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo reservase o dereito a modificar o prezo establecido para a utilización dos albergues .

CUARTA.- INSTRUCCIÓN DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo fixará os termos necesarios mediante os que se rexerá a organización e funcionamento do albergue.

QUINTA.- DESTINOS DO ALBERGUE

Para lograr unha óptima utilización do albergue, e sempre que non se interfira o destino principal de acollida de peregrinos, se poderá realizar actividades que teñan relación co Camiño de Santiago e a cultura xacobeá ou calquera outra actividade que redunde nos intereses xerais dos veciños e dos peregrinos.

En ningún momento poderá destinarse o albergue para fins distintos dos de interese social ou utilidade pública para o que foi creado.

SEXTA.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

A S.A. deberá ter subscrito un Seguro de Responsabilidade Civil para cubrir os danos a terceiros, así como os danos materiais que se poidan ocasionar no albergue.

SÉTIMA.- - COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo Concello e por un representante designado pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

OITAVA.-MODIFICACIÓN DO CONVENIO

O presente convenio só poderá modificarse co acordo unánime dos asinantes.

NOVENA .- CAUSAS DE RESOLUCIÓN



Son causas de resolución do presente convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia e no seu caso da prórroga acordada.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.

DÉCIMO - VIXENCIA

O presente convenio terá unha vixencia de catro anos a contar desde a sinatura do mesmo, podendo ser prorrogado por un prazo igual de tempo.

DÉCIMO PRIMEIRA- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no apartado c) do parágrafo primeiro do artigo 4, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado, así como toda a normativa sectorial aplicable.

A Xurisdición aplicable para a resolución das cuestións litixiosas que poidan xurdir será a xurisdición contenciosa administrativa .

DÉCIMO SEGUNDA .- PUBLICIDADE DO CONVENIO

O Concello autoriza a publicidade dos datos relevantes deste convenio nos termos previstos na disposición adicional do Decreto 132/2006 do 27 de xullo polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005 do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2006, así como no relativo á aplicación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro que regula a transparencia e o bo goberno no ámbito da Administración pública de Galicia no seu artigo 15.

E, en proba de conformidade ámbalas partes asinan o presente Convenio por triplicado

exemplar, no lugar e data arriba indicados.

S.A. DE XESTIÓN
DO PLAN XACOBEO

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA